

CONTIDOS

Actualidade	3
Oportunidades	7
<i>Financiamento</i>	7
<i>Prácticas</i>	8
<i>Emprego</i>	8
Sentenzas	9
Actos xurídicos	11
Procesos por incumprimento relativos a España	13
Participación cidadá	15
<i>Iniciativas lexislativas da cidadanía</i>	15
<i>Consultas públicas á cidadanía</i>	15
Suxestións bibliográficas	17
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	17
<i>Outras obras</i>	17
Actividades do CEDE	19
Comentario de xurisprudencia	21
<i>Un caso de responsabilidade por produtos defectuosos: Los marcapasos y desfibriladores automáticos. Comentario a la STJUE de 5 de marzo de 2015 (C-503/13 y C-504/13, Boston Scientific Medizintechnik)</i>	
por Ricardo Pazos Castro	23

Equipo de redacción: Jesús M. Saavedra Carballido, Elena Rodríguez Lorenzo, Alberto Panaroni.

Para máis información sobre este boletín e o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

ACTUALIDADE

Polémica sobre a comisión TAXE

O grupo parlamentario dos Verdes acusou novamente o presidente do Parlamento Europeo, Martin Schulz, de bloquear o traballo sobre evasión fiscal da comisión TAXE, creada en resposta ao escándalo Luxleaks, para protexer algúns dos políticos que están a ser investigados, entre eles o Presidente da Comisión Europea Jean-Claude Juncker.

[Máis información](#) (en inglés).

[Precedentes](#).

Fondos europeos para o AVE galego

O 1 de decembro a Comisión Europea aprobou o proxecto para o desenvolvemento da liña do AVE que comunicará Galicia co resto de España. A Comisión usará 201 millóns de euros do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDeR) para axudar a cubrir 286 millóns de euros dos custos necesarios para alargar a rede ferroviaria e incluír a rexión de Galicia.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Diñeiro do Fondo Social Europeo para emprego, formación e educación

Coa aprobación de 11.800 millóns de euros para fomentar o emprego, a formación e a educación en España, finaliza o proceso de adopción dos programas encadrados no actual período de financiamento (2014-2020) do Fondo Social Europeo (FSE) e da Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX). Máis de trescentos millóns irán destinados a Galicia.

[Máis información](#).

[Comunicado de prensa para Galicia](#).

Adoptado o Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia

Encadrados dentro da política agrícola común, os programas de desenvolvemento rural da UE para 2014-2020 inician a súa andaina. A Galicia correspóndenlle máis de mil millóns de euros, un terzo deles cofinanciados polo estado.

[Máis información](#).

[Ficha informativa para Galicia](#).

Cotas de pesca para España

O 16 de decembro de 2015 os estados membros da UE chegaron a un acordo sobre o reparto anual das cotas pesqueiras para 2016. España conseguiu reducir os cortes fixados para varias especies, entre elas, a pescada do caladoiro sur, zona en que se rebaixou do 60,5% ao 21,5%.

[Máis información](#).

Transparencia e control das flotas

A Comisión Europea propuxo un novo sistema de concesión e xestión de autorizacións que permitirá ás autoridades controlar mellor tanto os barcos dos estados membros que pescaren fóra das augas da UE como os barcos doutros estados que o fixeren nas augas da UE.

[Máis información](#).

Programa Horizonte 2020 en Tunisia

O 1 de decembro de 2015 a Comisión Europea anunciou que Tunisia formará parte do programa Horizonte 2020, o principal proxecto de investigación e innovación da UE, e que a súa participación estará rexida polas mesmas condicións que a dos estados membros. Desta forma, os centros de investigación, as universidades e os científicos tunesinos poderán ter acceso ao financiamento que ofrece o programa.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Exención de visado para Colombia

O 2 de decembro de 2015 os responsables políticos de Colombia e Europa asinaron, en Bruxelas, un acordo que permite aos cidadáns colombianos entrar na UE para estadias de curta duración (90 días) sen necesidade dun visado. Desta forma, os cidadáns do denominado espazo Schengen tamén estarán exentos deste documento para viaxar ao país latinoamericano. Ao non pertenceren a esta area, Reino Unido e Irlanda ficarán á marxe do pacto.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Referendo en Dinamarca

O 3 de decembro de 2015 Dinamarca rexeitou en referendo aumentar a cooperación en materia de xustiza e seguranza co resto da UE. O non obtivo un 53,1% dos votos, fronte ao 46,9% que conseguiu o si.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Clausura do Ano Europeo para o Desenvolvemento

O 9 de decembro de 2015 tivo lugar a cerimonia de clausura do Ano Europeo para o Desenvolvemento. O 2015 foi un ano chave para a cooperación ao desenvolvemento, no cal chegaron ao seu fin os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e se puxeron en marcha os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Alén diso, neste ano a crise dos refuxiados mostrou o papel vital que o desenvolvemento internacional pode desempeñar na prevención de crises humanitarias.

[Comunicado de prensa da Comisión.](#)

[Avaliación do Parlamento Europeo.](#)

[Reaccións en España](#) (en inglés).

Principio de acordo na Eurocámara sobre o rexistro de pasaxeiros aéreos

O 10 de decembro de 2015 a Comisión de Liberdades Cívicas, Xustiza e Asuntos de Interior do Parlamento Europeo aprobou, por 38 votos a favor, 19 en contra e 2 abstencións, un principio de acordo sobre a directiva para crear un rexistro de pasaxeiros aéreo na UE (coñecido como PNR polas súas siglas en inglés), tal e como pretenden os gobernos dos estados membros. O texto aprobado, redactado pola propia Eurocámara e o Consello, aínda debe ser aprobado polo pleno do Parlamento Europeo.

[Comunicado de prensa do Parlamento Europeo](#) (en inglés).

[Máis información.](#)

Conferencia sobre a mudanza climática

O 14 de decembro de 2015, após dúas semanas de intensas negociacións, acabou a Conferencia sobre a Mudanza Climática que tivo lugar en París. Os representantes de 195 estados adoptaron o primeiro acordo global para solucionar o quecemento por causa dos gases de efecto invernadoiro. A partir do 2020, ano de entrada en vigor do acordo, todos os estados asinantes deberán limitar as súas emisións.

[Comunicado de prensa da Comisión Europea.](#)

[Máis información.](#)

Reaccións adversas ([en español](#), [en inglés](#))

Posibles adhesións á UE

O 14 de decembro de 2015 a UE puxo en marcha as negociacións de adhesión con Serbia, paso xa previsto no plano de cooperación que se estableceu para facer fronte á crise de refuxiados. A necesidade de axuda que ten a UE para controlar a chegada de refuxiados tamén a levou a revivir a idea dunha posible adhesión de Turquía.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Forzas policiais comúns nas fronteiras da UE

O 15 de decembro de 2015 a Comisión Europea presentou unha ampla batería de medidas para responder á crise dos refuxiados. Entre outras cousas, o executivo propuxo crear un corpo europeo de gardas fronteirizos sobre a base da Axencia Europea de Control de Fronteiras Exteriores (Frontex), dotado cunha reserva de polo menos 1.500 efectivos dos estados membros e dispoñibles para intervir nun prazo de tres días. A Comisión aspira a poder decidir o envío de gardas europeos ás fronteiras exteriores mesmo se ningún estado membro o solicitar.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

Reaccións da UE ás eleccións xerais en España

Os resultados das eleccións xerais españolas do 20 de decembro de 2015 despertaron un grande interese internacional. A Comisión Europea agarda a formación do novo executivo en España, do cal espera que realice os axustes necesarios no plan orzamentario para o 2016.

Máis información ([en español](#), [en inglés](#)).

OPORTUNIDADES

Financiamento

Investigación e innovación (Horizonte 2020)

- Convocatoria de bolsas [Marie Skłodowska-Curie para investigación predoutoral e posdoutoral en diferentes campos científicos](#) (sección «Fellowship programmes», en inglés) (diferentes prazos).
- Convocatoria de propostas (en inglés) sobre as [tendencias de radicalización contemporáneas e as súas implicacións para Europa](#) (prazo até o 4 de febreiro).
- Convocatoria de propostas (en inglés) para a [mobilidade dentro da UE e os seus impactos para os sistemas sociais e económicos](#) (prazo até o 4 de febreiro).
- Convocatoria de propostas (en inglés) para a [coordinación das actividades de investigación e innovación mariña e marítima no Mediterráneo](#) (prazo até o 17 de febreiro).
- Convocatoria de propostas (en inglés) para a [investigación e innovación de intercambio de persoal](#) (prazo até o 28 de abril).

Innovación e Tecnoloxía (Connecting Europe Facility)

- Convocatoria de propostas para o [programa plurianual de traballo con vistas á concesión de asistencia financeira no ámbito do Mecanismo «Conectar Europa» para o período 2014-2020](#) (prazo até o 16 de febreiro).
- Convocatoria de propostas (en inglés) conxunta entre España e a India para [financiar proxectos bilaterais de I+D en diferentes sectores: tecnoloxías limpas, TIC, cidades intelixentes, materiais e produción avanzada](#) (prazo até o 13 de maio).

Educación e cultura

- Convocatoria de propostas (en inglés) sobre as [accións que abordan a trata de persoas, en particular a integración e o regreso seguro e sostible das vítimas da trata de seres humanos](#) (prazo até o 16 de febreiro, ás 12h horario Bruxelas).
- Convocatoria de propostas para o [«Apoio á reforma das políticas. Apoio aos instrumentos políticos europeos»](#), dentro da Acción 3 do programa Erasmus+ 2016 (prazo até ás 12h do 29 de febreiro, horario de Bruxelas).
- Convocatoria de propostas para o [apoio ao desenvolvemento de proxectos individuais](#) (prazo até as 12h do 21 de abril, horario de Bruxelas).
- Convocatoria de propostas para [subvencións para festivais de cine](#) (prazo até as 12h do 28 de abril, horario de Bruxelas).

Rexións

- Convocatoria de propostas (en inglés) sobre as [Accións Innovadoras de Iniciativa Urbana](#) (prazo até o 31 de marzo).

Prácticas

- [Prácticas remunerada no Tribunal de Contas](#) (en inglés), en Luxemburgo (prazo até o 31 de xaneiro).
- [Prácticas no Banco Central Europeo](#) (en inglés) para titulados universitarios (prazo até o 1 de febreiro).

Emprego

- Empregos financiados polas [accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#) (sección «Job vacancies», en inglés) (diferentes prazos).
- [Asistente de xestión da Oficina do Presidente na Oficina Europea de Patentes](#) (en inglés), en Alemaña (prazo até o 18 de xaneiro).
- [Xefe de unidade na dirección de membros e sesións plenarias do Comité das Rexións](#) (en inglés), en Bruxelas (prazo até as 12h do 28 de xaneiro, horario de Bruxelas).
- [Economista xefe de competencia dentro da Dirección Xeral de Competencia da Comisión](#), en Bruxelas (prazo até as 12h do 29 de xaneiro, horario de Bruxelas).
- [Director administrativo de Eurojust](#) (en inglés), na Haia (prazo até as 12h do 31 de xaneiro, horario de Bruxelas).

SENTENZAS

Protección dos inversores

O Tribunal de Xustiza da UE, en [sentenza do 3 de decembro 2015, relativa ao asunto C-312/14](#), declara que as operacións de cambio que forman parte de préstamos en divisas estranxeiras (nin comunitarias nin dos estados membros) non constitúen un servizo de inversión. En particular, hai cidadáns húngaros que subscribiron un crédito co banco para financiar a compra dun coche. Para obter un tipo de interese máis favorable que o ofrecido para os préstamos en floríns húngaros, optaron por un crédito en divisas, expóndose deste modo ao risco dunha apreciación en relación ao florín durante o período de reembolso. Dous dos afectados solicitaron ao tribunal de Luxemburgo que declarase que os contratos de crédito en divisas están comprendidos dentro do ámbito de aplicación da directiva sobre os mercados de instrumentos financeiros, de modo que o banco, como entidade de crédito, debería ter avaliado a adecuación ou o carácter apropiado do servizo que presta. Segundo o tribunal, como o mutuuario só pretende obter fondos para a compra dun ben ou a prestación dun servizo, e non xestionar un risco de cambio ou especular sobre o tipo de cambio dunha divisa, as operacións controvertidas non teñen como obxectivo a realización dun servizo de inversión. Por tanto a concesión dun préstamo non está suxeita ás disposicións da directiva relativas á protección dos inversores.

[Comunicado oficial de prensa.](#)

«Tax lease» en España

O Tribunal Xeral da UE, en [sentenza do 17 de decembro 2015, relativa aos asuntos T-515/13 e T-719/13](#), anula a decisión da Comisión pola cal o «sistema español de arrendamento fiscal» constituía unha axuda estatal ilegal. Segundo os xuíces de Luxemburgo non son contra o dereito da UE as axudas para a financiamento do sector dos estaleiros por parte de entidades privadas como grandes multinacionais e bancos. Segundo o tribunal a decisión da Comisión contra o sistema de enxeñería financeira presenta, en primeiro lugar, diversos erros e unha motivación insuficiente na cualificación de axuda estatal. En segundo lugar, en opinión dos xuíces a vantaxe económica denunciada polos rivais europeos do sector non era selectiva. Esta noticia representa un alivio para rexións como Galicia onde a construción naval é un sector industrial básico. A Comisión recorrerá a sentenza perante o Tribunal de Xustiza.

[Comunicado oficial de prensa.](#)

[Mais información.](#)

Competencia

O Tribunal Xeral da UE, en [sentenza do 16 de decembro 2015, relativa ao asunto T-128/15](#), anula a decisión pola cal a Comisión impuxo a varias compañías aéreas multas por un importe aproximado de 790 millóns de euros pola súa participación nun cartel sobre o mercado do transporte aéreo de mercancías. Na opinión da Comisión, varios transportistas aéreos coordinaron o seu comportamento en materia de prezos pola prestación de servizos de transporte aéreo de mercancías, producindo contactos contrarios á competencia. Entre outras cuestións terían intercambiado información acerca do recargo por combustible e do recargo por seguranza. As multas máis elevadas, anuladas polo Tribunal, foron para Air France-KLM (310 millóns de

euros), British Airways (104 millóns) e Cargolux (79,9 millóns). Tamén foron multadas Singapore Airlines (74,8 millóns), Cathay Pacific (57 millóns de euros), Japan Airlines (35,7 millóns), a holandesa Martinair (29,5 millóns) e Air Canadá (21 millóns), LATAM (8,2 millóns).

[Comunicado oficial de prensa.](#)

[Mais información.](#)

Acordo comercial con Marrocos

O Tribunal Xeral da UE, en [sentenza do 10 de decembro 2015, relativa ao asunto T-512/12](#) (Francia), anula un acordo comercial entre a UE e o reino de Marrocos por estender as súas vantaxes a produtos provenientes do Sáhara occidental. Os xuíces de Luxemburgo establecen que os estados membros, ao asinar o acordo en 2012, non tiveron en conta que a soberanía do Reino de Marrocos sobre o Sáhara occidental non está recoñecida nin pola UE nin polos seus Estados membros nin, de maneira máis xeral, pola ONU. Aínda que o peso dos produtos agrícolas e pesqueiros provenientes do Sáhara occidental sobre o total da exportación marroquí non é moi elevado, a sentenza ten un gran significado político e representa unha gran vitoria para a Fronte Polisaria, movemento pola autodeterminación do Sáhara Occidental que denunciou o acordo comercial.

[Máis información.](#)

Plataformas dixitais de televisión en España

O Tribunal Xeral da UE, en sentenza do 26 de novembro 2015, relativa ao [asunto T-461/13](#) e aos [asuntos acumulados T-463/13 y T-464/13](#) (Galicia), confirma a decisión da Comisión pola que se ordena recuperar a axuda estatal concedida por España aos operadores da plataforma de televisión terrestre. En 2013 a Comisión Europea valorou que o financiamento pública de 306 millóns de euros concedida para apoiar o proceso de dixitalización terrestre non estaban acorde coa legalidade mercado interior europeo. Mediante esta sentenza, o Tribunal Xeral rexeita todos os recursos de anulación interpostos por diferentes comunidades autónomas e operadores de televisión dixital terrestre. Os xuíces de Luxemburgo declararon que aínda que non exista unha definición clara do servizo de explotación dunha rede terrestre como servizo público a Comisión non incorreu en erro ao considerar esas medidas financeiras como axuda estatal. Alén diso, este financiamento tampouco podía considerarse compatible co mercado interior porque non respectaba o principio de neutralidade tecnolóxica.

[Comunicado oficial de prensa.](#)

[Mais información.](#)

ACTOS XURÍDICOS

- Regulamento da Comisión Europea polo cal [se prohibe aos barcos con pavillón español a pesca de bertorella \(*Phycis blennioides*\) en augas da UE e augas internacionais das zonas V, VI e VII \(4/12/2015\)](#). [Máis información](#).
- Regulamento do Consello da UE relativo á [abertura e ao modo de xestión dos continxentes aduaneiros autónomos da UE de determinados produtos pesqueiros para o período 2016-2018 \(8/12/2015\)](#).
- [Decisión do Consello da UE](#) que modifica a [Decisión 2012/389/PESC](#) pola cal se crea a Misión da UE de reforzo das capacidades navais rexionais no Corno de África (8/12/2015).
- [Información](#) relativa á data da sinatura do protocolo polo cal se fixan as posibilidades de pesca e a contrapartida financeira establecidas no Acordo de colaboración en materia de pesca entre a Comunidade Europea, por unha parte, e o Goberno de Dinamarca e o Goberno autónomo de Grenlandia, por outra (9/12/2015).
- [Acordo](#) de colaboración de pesca sustentable entre a UE e a República de Liberia (12/12/2015).
- Regulamento de execución da Comisión Europea polo cal se prorroga a exención ao disposto no [Regulamento \(CE\) n.º 1967/2006](#) do Consello, referido á [distancia mínima da costa e á profundidade mariña mínima no caso das redes de tiro desde embarcación para a pesca de baralloca \(*Aphia minuta*\) en determinadas augas territoriais de Italia](#) (19/12/2015).
- [Decisión do Consello da UE](#) pola cal se nomea un membro e un suplente españois do Comité das Rexións (18/12/2015).
- Regulamento de execución da Comisión Europea polo cal se efectúan [deducións das cotas de pesca dispoñibles para determinadas poboacións en 2015](#) como consecuencia da sobrepesca practicada en anos anteriores noutras poboacións, modificando así o [Regulamento \(UE\) 2015/1801](#) (19/12/2015).

PROCESOS POR INCUMPRIMENTO RELATIVOS A ESPAÑA

Comercio de madeira

A Comisión Europea continúa o seu proceso por incumprimento contra España en materia ambiental. O 10 de decembro 2015 o executivo europeo adoptou un ditame motivado contra España dentro do seu paquete de [medidas mensuais](#). A Comisión require o pleno cumprimento da lexislación europea para facer fronte ao comercio de madeira aproveitada ilegalmente. O [Regulamento sobre madeira EUTR \(Regulamento \(UE\) n.º 995/2010\)](#) prohibe comercializar no mercado interior madeira aproveitada ilegalmente; por outra parte, o [Regulamento sobre o sistema de licenzas FLEGT \(Regulamento \(CE\) n.º 2173/2005 do Consello\)](#) establece un sistema de licenzas para comprobar a legalidade das importacións de madeira na UE desde países que asinaron acordos de asociación de acordo con ese sistema. En particular, España aínda non designou as autoridades competentes para a aplicación de ambos os Regulamentos. España ten dous meses para actuar; se non o fixer, a Comisión pode levala ante o Tribunal de Xustiza da UE.

Libre circulación de mercadorías

O 10 de decembro 2015 a Comisión Europea solicitou formalmente a Francia que alterase a súa lexislación no tocante aos zapatos feitos á man (Lei n.º [48/824](#) (páxina en francés)), a cal reserva exclusivamente a denominación «feito á man» («fait main» en francés) aos zapatos manufacturados dunha forma específica, de maneira que no mercado francés os zapatos feitos á man noutros estados membros, nos cales se utilizan métodos diferentes, non poden utilizar a denominación en francés senón a denominación estranxeira: «hecho a mano» (en español) etc. Esta situación coloca os fabricantes e importadores de calzado feito á man noutros estados membros en desvantaxe comercial en Francia. Nega o principio do [mutuo recoñecemento](#) (páxina en inglés) e ten un efecto equivalente ás restricións cuantitativas á libre circulación de mercadorías no mercado único europeo (artigo 34.º do [TFUE](#)). Francia dispónde dous meses para notificar á Comisión as medidas adoptadas para corrixir a situación; caso contrario, a Comisión poderá decidir intentar unha acción no Tribunal de Xustiza da UE.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Iniciativas legislativas da cidadanía

- Para [preservar o proxecto democrático da UE](#) (prazo para asinar até o 30 de novembro).
- Para [despenalizar o cannabis](#) (páxina en sueco) (prazo para asinar até o 30 de novembro).
- Para [protexer o matrimonio e a familia](#) (páxina en inglés) (prazo para asinar até o 11 de decembro).

Consultas públicas á cidadanía

Transportes

- [Avaliación a posteriori do apoio financeiro da UE á mobilidade urbana sustentable e á utilización de combustibles alternativos en zonas urbanas europeas](#) (páxina en inglés) (prazo até o 19 de febreiro)

Educación

- [Unha axenda renovada para a modernización dos sistemas de ensino superior da UE](#) (páxina en inglés) (prazo até o 29 de febreiro)

Redes de comunicación, tecnoloxías e sociedade da información

- [A revisión dos mercados estatais por xunto relativos á itinerancia nas redes de comunicación móbiles públicas na UE, a política de utilización responsable e o mecanismo de sustentabilidade indicados no Regulamento 531/2012 modificado polo Regulamento 2015](#) (páxina en inglés) (prazo até o 18 de febreiro).
- [A asociación contractual entre os sectores público e privado en materia de cibersegurança e posibles medidas de acompañamento](#) (páxina en inglés) (prazo até o 11 de marzo)
- [A próxima fase da cooperación UE-Estados Unidos no dominio da saúde en liña e das tecnoloxías de información e comunicación aplicadas á saúde](#) (páxina en inglés) (prazo até o 15 de marzo).

Agricultura e desenvolvemento rural

- [A experiencia adquirida no primeiro ano de aplicación das obrigacións de ecoloxización no ámbito do réxime de pagamento directo](#) (páxina en inglés) (prazo até o 8 de marzo).

Asuntos marítimos e pesca

- [O Regulamento de control da pesca](#) (páxina en inglés) (prazo até o 13 de marzo).

Economía e fiscalidade

- [Libro Verde sobre servizos financeiros polo miúdo: Máis calidade nos produtos, máis escolla e máis oportunidades para consumidores e empresas](#) (páxina en inglés) (prazo até o 18 de marzo).

Ambiente e clima

- [O funcionamento do Regulamento de poxas, en conformidade co réxime de comercio de licenzas de emisión de gases con efecto de invernadoiro \(RCLE-UE\)](#) (páxina en inglés) (prazo até o 15 de marzo).
- [Avaliación da Directiva sobre ruído ambiente](#) (páxina en inglés) (prazo até o 28 de marzo).

Emprego e asuntos sociais

- [A revisión da Estratexia Europea para a Deficiencia 2010-2020](#) (prazo até o 18 de marzo).

Mercado interior

- [Avaliación e modernización do cadro xurídico para a aplicación dos dereitos de propiedade intelectual](#) (páxina en inglés) (prazo até o 1 de abril).

Varios dominios

- [Avaliación da Directiva 2015/413/UE que pretende facilitar o intercambio transfronteirizo de información sobre infraccións ás regras de tránsito relacionadas coa seguranza na estrada](#) (páxina en inglés) (prazo até o 19 de febreiro)
- [Investimentos a longo prazo e sustentables](#) (páxina en inglés) (prazo até o 23 de marzo).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Mangas Martín, Araceli, e Diego J. Liñán Noguerras. 2014. *Instituciones y derecho de la Unión Europea*. 8.^a ed. Madrid: Tecnos.

A obra describe tanto o funcionamento do sistema institucional e do proceso de decisión como a aplicación do dereito da UE polas administracións públicas (incluídas as comunidades autónomas españolas e os municipios), os xuíces dos estados membros e o Tribunal de Xustiza da UE. Desde a reforma producida polo Tratado de Lisboa, o Tratado da UE ten unha nova estrutura e novos contidos, a Carta dos Dereitos Fundamentais forma parte do dereito primario e o Tratado de Funcionamento da UE establece detalladamente as políticas, a delimitación das competencias e os procesos de decisión e de control. Estas reformas, a adhesión de Croacia e, en especial, a crise económico-financeira propiciaron novidades normativas diversas e importantes no dereito secundario e novos desenvolvementos xurisprudenciais. Nesta edición incorpóranse e analísanse de forma sistemática todas estas novidades políticas e xurídicas.

Germond, Basil. 2015. *The Maritime Dimension of European Security: Seapower and the European Union*. Basingstoke: Palgrave Macmillan.

Nunha época de incertezas en que as tecnoloxías da comunicación e a conexión entre sociedades é cada vez maior, o dominio marítimo continúa a ser crucial para o comercio e a seguranza. Neste contexto, a UE tense transformado nun actor importante debido ás súas operacións contra a pirataría e ás súas actuacións de protección da pesca, de seguranza nos portos, de vixilancia marítima e de resposta á inmigración. Actualmente, as políticas, os mecanismos e as actividades da UE referentes ao dominio marítimo contan co apoio dunha Estratexia para a Seguranza Marítima, adoptada polo Consello no 2014. A presente obra explica esta estratexia, tanto do punto teórico como do práctico, e discute a importancia do dominio marítimo para a seguranza e a prosperidade da UE.

Martín de la Guardia, Ricardo Manuel. 2015. *El europeísmo: Un reto permanente para España*. Madrid: Cátedra.

Vista por algúns como panacea de todos os males derivados dunha decadencia suposta ou real, transformada por outros na causa da perda dos auténticos valores patrios, Europa ten sido unha constante no pensamento español contemporáneo. O obxectivo desta obra consiste en analizar as liñas de continuidade que desde a Ilustración veñen marcando as reflexiónes de tantos escritores en distintos ámbitos, así como a súa influencia nos campos da teoría e da acción política. En efecto, o maior ou menor grao de inserción de España en Europa durante os últimos séculos ten acompañado formulacións, propostas o programas máis articulados que, defendidos por grupos, partidos políticos ou individuos concretos, atravesaron períodos de bonanza, crise e guerras e que, após culminar en 1985 coa integración de España nas estruturas comunitarias, chegan até a actualidade.

Outras obras

Everson, Michelle, Cosimo Monda, e Ellen Vos, eds. 2014. *European Agencies in between Institutions and Member States*. Alphen aan den Rijn: Wolters Kluwer.

A pesar dos esforzos feitos nos últimos anos para definir a posición das axencias na UE, aínda non existe unha visión de conxunto do seu papel e das súas capacidades en relación coas institucións e dos estados membros da UE. O seu carácter híbrido como parte do poder

executivo, e o feito de poderes cada vez maiores sérenlles delegados, fan da comprensión das súas responsabilidades unha necesidade imperiosa. A presente obra ofrece unha análise en profundidade do deseño e estrutura das axencias, da súa autonomía, competencia e natureza legal, ligándoas ás institucións e aos estados membros.

Cosmai, Domenico. 2014. *The Language of Europe: Multilingualism and Translation in the EU Institutions. Practice, Problems and Perspectives*. Ed. e trad. David Albert Best. Bruxelas: Editions de l'Université de Bruxelles.

A obra ofrece unha introdución clara e exhaustiva á política do multilingüismo da UE e á práctica da tradución nos seus órganos. Publicada após dúas edicións en italiano, a edición en inglés describe o impacto dos sucesivos alargamentos da UE na política e na práctica da tradución institucional. Alén diso, proporciona unha análise pormenorizada e actualizada, do punto de vista teórico e práctico, dos argumentos a favor do multilingüismo, da relación directa entre a existencia de diferentes linguas oficiais nos estados membros e os posibles problemas de transferencia de coñecemento e información entre os participantes na UE, das variacións nas traducións realizadas polas diferentes institucións e polos outros órganos da UE, do traballo diario dos seus tradutores e asesores lingüísticos, e de cal pode ser o futuro da tradución na UE.

Phinnemore, David, e Lee McGowan. 2015. *A Dictionary of the European Union*. 7.^a ed. Abingdon e Nova Iorque: Routledge.

Organizada alfabeticamente, esta obra clásica de referencia inclúe máis de mil definicións e explicacións acerca de todos os aspectos da UE. Alén de explicar a terminoloxía e as abreviacións propia da UE, describe o papel das súas institucións, dos seus estados membros, das súas relacións externas, dos seus programas e políticas, dos tratados en que se basea e das personaxes chaves na súa historia. A presente edición está totalmente actualizada e inclúe, á parte doutras revisións, detalles das últimas eleccións ao Parlamento Europeo e o nomeamento da actual Comisión no 2014.

ACTIVIDADES DO CEDE

Encontro de redes de información sobre a UE en Galicia

O 9 de decembro o CEDE da USC participou, en Santiago de Compostela, nun [encontro de redes de información sobre a UE en Galicia](#). Na reunión estiveron presentes representantes da Fundación Galicia-Europa (FGE) e de numerosos centros pertencentes, entre outras, ás redes Europe Direct, EurES e a Enterprise Europe Network. Tamén houbo representantes de centros de información do norte de Portugal.

Entre outras cousas, presentáronse propostas co obxectivo de mellorar a coordinación entre as diferentes redes da UE en Galicia.

Alén diso, o subdirector xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza, Xosé Lago, presentou a experiencia neste ámbito da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, que se dedica aos asuntos de interese común de ambas as rexións, así como ao intercambio de información e á coordinación de iniciativas transfronteirizas. Pola súa parte, o subdirector xeral de Relacións coa UE, Santiago Álvarez, presentou o labor da FGE, centrándose nos seus obxectivos de formación e información sobre a UE en Galicia.

No encontro tamén participaron representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, os cales presentaron un informe de indicadores de mobilidade transfronteiriza entre Galicia e o norte de Portugal.



Fonte: Fundación Galicia-Europa

Curso sobre administración, empresa e urbanismo sustentable

Do 30 de novembro ao 1 do decembro tivo lugar en Santiago de Compostela un [curso monográfico «La lucha contra las actuaciones urbanísticas ilegales» sobre as relacións entre a administración, a empresa e o urbanismo sustentable](#). Organizado pola Rede Empresa e Administración, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), o Observatorio Internacional da Regulación das Entidades do Sector Público (OIRESP), coa colaboración do CEDE-USC e da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o obxectivo do curso foi desenvolver coñecementos para a consecución dun urbanismo empresarial, social e ambientalmente sustentable. Boa parte da atención centrouse na incidencia que o dereito da UE ten en temas de protección ambiental.

COMENTARIO DE XURISPRUDENCIA

Un caso de responsabilidad por productos defectuosos: Los marcapasos y desfibriladores automáticos

Comentario a la STJUE de 5 de marzo de 2015 (C-503/13 y C-504/13, *Boston Scientific Medizintechnik*)

Ricardo Pazos Castro

Universidade de Santiago de Compostela

ricardo.pazos@usc.es

Resumen

El artículo 4 de la Directiva 85/374/CEE sobre responsabilidad por productos defectuosos establece que «el perjudicado deberá probar el daño, el defecto y la relación causal entre el defecto y el daño». El TJUE se pronuncia, por un lado, sobre si un producto es defectuoso por el hecho de que otros productos del mismo modelo no otorguen la seguridad que legítimamente cabe esperar. Y, por otro, sobre si el coste de la intervención quirúrgica cuyo fin es sustituir un producto defectuoso implantado en el cuerpo humano constituye un daño causado por lesiones corporales a los efectos de la Directiva.

Palabras clave

protección de los consumidores, responsabilidad por los daños causados por productos defectuosos, riesgo de defecto del producto, lesión corporal, reembolso de los costes de la operación.

Abstract

Article 4 of Directive 85/374/ECC on liability for defective products states that «the injured person shall be required to prove the damage, the defect and the causal relationship between defect and damage». The ECJ establishes, on the one hand, whether or not a product is defective just because other products of the same group do not provide the safety which a person is entitled to expect. And, on the other hand, whether or not the cost of a surgical procedure to replace a defective product implanted in the human body constitutes damage caused by personal injury for the purposes of the Directive.

Keywords

consumer protection, liability for damage caused by defective products, risk of product failure, personal injury, reimbursement of the costs of the operation.

Sumario

1. Marco normativo.–2. Los hechos.–3. La decisión del Tribunal de Justicia.–4. Valoración.–5. Bibliografía.

1. Marco normativo

La sentencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea tratada en el presente comentario tiene fecha de 5 de marzo de 2015 (Boston Scientific Medizintechnik GmbH / AOK Sachsen-Anhalt - Die Gesundheitskasse, Betriebskrankenkasse RWE, C-503/13 y C-504/13, no publicada todavía en el repertorio oficial). En esta resolución, el tribunal se pronuncia sobre la interpretación de la Directiva 85/374/CEE del Consejo, de 25 de julio de 1985, relativa a la aproximación de las disposiciones legales, reglamentarias y administrativas de los estados miembros en materia de responsabilidad por los daños causados por productos defectuosos (en adelante, Directiva sobre productos defectuosos) (DO L 210, de 7 de agosto de 1985, p. 29; versión en español, capítulo 13, volumen 19, p. 8).

